



**Texto:** Stephanie Baudet

**Medidas:** 13x21 cm

**Ilustración:** Arianna Bellucci

**Páxinas:** 112

**Tradución:** Maruxa Zaera

**I.S.B.N.** 978-84-18667-15-2

**Idioma:** Galego

**IBIC:** YFD

**Encuadernación:** Rústica con lapelas

**P.V.P.:** 12,50€

O **Carbúnculo Azul** é o segundo título de Sherlock Holmes para pequenos detectives, unha colección amena e divertida cos mellores casos do detective máis famoso de todos os tempos. Grazas á súa narrativa áxil e ás rechamantes ilustracións axudará a consolidar o amor pola lectura dos máis novos. Ademais, as didácticas aclaracións sobre termos e obxectos propios da Inglaterra da época achegaraos á literatura clásica de detectives.

A través de las crónicas del Dr. Watson compartiremos sus aventuras llenas de misterio, robos y asesinatos.

## Antes da lectura

Propoñer un xogo en grupo para ver cantas frases feitas e "típicas" coñecen do **xénero detectivesco**: "Elemental, querido Watson", "o asasino é o mordomo", "todas as novelas empezan cun asasinato ou cun roubo", "todos os detectives teñen gabardina e sombreiro", etc.

Explicar en que consiste o **método científico** e por que é a ferramenta máis axeitada para desentrañar un misterio:



**1** Observa

**3** Fai unha hipótese

**5** Saca unha conclusión

**2** Obtén información

**4** Comproba se funciona

Preguntarlles como se imaxinan ou que saben das rúas e cidades da **Inglaterra da época vitoriana**: ambientes escuros e cheos de brétema, carruxes tirados por cabalos, señores vestidos con longas levitas negras e sombreiro de copa, o Big Ben, etc.

## Despois da lectura

---

Coñeces ou viches algunha vez un vendedor ambulante? Sabías que, non hai moito tempo, aínda se paseaban os afiadores polas rúas anunciando o seu traballo?

---

Liches algunha vez un xornal? Cal é a túa sección favorita?

---

Facede dous grupos. Un deles deberá aportar unha peza de roupa (o máis anónima posible) e o outro grupo deberá describir todo o que poida descubrir do seu propietario e saber a quen pertence.

---

Que tipos de sistemas de alumeado coñeces que non sexan eléctricos? Atopásteche algunha vez ás escuras por un corte de luz? Como o resolvestes?

---

Visitaches unha granxa? Que aves de corral viches? Cal é a túa favorita (como animal vivo, non como vianda)?

---

Se tiveses que agochar algo moi valioso (e moi rápido) na túa casa, onde o agocharías?

